

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA



Bases:

1. **PARTICIPACIÓN:** Está aberta a todo o alumnado do Centro.
2. **TEMA:** debe estar relacionado co mundo das matemáticas, nas súas posibles manifestacións (simetrías, formas xeométricas, mosaicos, números, estatística, azar.....)
3. **PRESENTACIÓN:** as fotografías entregaranse impresas en papel fotográfico cun tamaño mínimo de 9x13, pegadas nunha cartulina de tamaño folio. Na parte superior irá o título, despois a foto e na parte inferior unha descripción ou comentario.

Na parte posterior da cartulina deben estar anotados os datos do alumno/a (nome e apelidos e curso). A fotografía deberá entregarse a algún profesor do departamento de matemáticas.

4. **PRAZO:** o prazo de presentación remata o 29 de Maio.
5. **XURADO:** estará formado polo profesorado do Dpto de matemáticas.

Valorarase a orixinalidade e idoneidade do título, a calidade da imaxe, o seu contido matemático e tamén a descripción ou comentario da fotografía

6. **USO DAS IMAXES:** o departamento resérvase o dereito a utilizar as imaxes para usos didácticos, así como a solicitar aos autores das fotografías premiadas os negativos ou soporte dixital. As fotos premiadas publicaranse en internet.
7. **AUTORÍA DAS IMAXES:** as fotografías deben ser orixinais, en ningún caso serán aceptadas fotografías descargadas de internet, nin escaneadas de ningún medio gráfico.

O Dpto comprobará de modo minucioso a autoría das fotos premiadas esixindo ao alumno/a que a demostre. Non se aceptará tampouco ningún tipo de edición ou retoque fotográfico.

8. PREMIOS.

1. **PRIMEIRO PREMIO:** unha cámara de acción SJCAM4000 wifi
2. **SEGUNDO PREMIO:** tablet Point of View 7"
3. **TERCEIRO PREMIO:** altavoces bluetooth.



ORGANIZA: Dpto de Matemáticas do IES Miguel Ángel González Estévez. Curso 2014/2015